

“Castillos, palacios, catedrales, fortalezas, todos hablan en sus distintas formas de la grandeza y la fuerza de las personas que los construyeron, en contra de aquellos para los que fueron construidos”.

Henri Lefebvre. *Crítica de la vida cotidiana*.

O que queda de Altamira



ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

Documento do mes
Abril
2024

Torre de Altamira. 1910.

1910

O que queda da arrogante Fortaleza de Altamira, na antiga Terra de Santiago, é unha arquitectura derrubada máis que evocadora. Adaptase ao seu enclave complexo, sobre un abrupto promontorio rochoso en San Fins de Brión. Conforma un miradoiro espléndido cara ao Val da Maía. A pesar das románticas lendas sobre a súa antigüidade, Julio Vázquez Castro considéraa unha edificación do século XV e Galván coincide en valorala como un sistema de transición con fortes inercias medievais.

A construción de Altamira dá materialidade e visibilidade ao poder exercido polos Moscoso, como o máis importante de Galicia. Pretende ser a cabeza dun espazo señorial alleo ao mando eclesiástico, é unha intromisión nobiliaria, unha ameaza directa nun territorio dominado polos arcebispos. Cumpre á perfección cos requisitos de defensa e visibilidade, levántandose estratexicamente á vangarda do resto das fortificacións dos Moscoso de Altamira. Está ben comunicada, no camiño de Noia, gozando dunhas privilexiadas vistas cara a Santiago.

En Galicia ata o século XIV, señorean os grandes nobres e os arcebispos de Santiago. Martínez Barbeito apunta que dentro do condado de Trastámara aséntase a liñaxe dos Moscoso, que fan de Altamira en Brión, a cabeza dos seus estados e a denominación elixida para un futuro condado. Tamén posúen as fortalezas de Mens, Vimianzo e Cira. Erixen a de Altamira para resistir ás tropas do seu eterno inimigo, o Arcebispo de Santiago, aínda que paradóxicamente eles son o brazo armado da sede apostólica.

É unha relación tormentosa nun contexto de inestabilidade e tensións propio da transición do Medievo á modernidade, aproveitado por uns e outros para afianzar o seu poder na Terra de Santiago. Os primeiros Moscoso van herdando enfrontamentos coa Igrexa compostelá e boa relación co conde de Trastámara, ata que a mediados do s. XV inverten as alianzas e apoian ao Arcebispo. Así obteñen cargos e, o que é máis importante, para Vázquez Castro, permisos vitais para a perduración da fortaleza. Aínda que, pouco dura a sintonía. Tras apoiar a Alfonso I de Fonseca, Bernal Eáns de Moscoso fai prisioneiro nas súas fortalezas ao seu sucesor, o arcebispo Fonseca II, no 1465. Pouco subsiste de todo canto acaban de edificar, pois sofre o embate irmandiño no 1467.

Con que, seguindo as dinámicas do conflito entre Moscosos e FONSECAS, apenas paralizado pola catarse irmandiña, Vázquez Bertomeu e Rodríguez Suarez ven na refortificación de Altamira a faísca capaz de provocar unha batalla, a última das nosas guerras medievais. O dereito para conservar as Torres e exercer o poder no territorio da Maía é o causante, xa que desde o século XII non se poden construír castelos señoriais próximos a Santiago sen permiso do arcebispo. De modo que a fortificación encarna valores simbólicos inherentes ao poder do seu dono e o arcebispo Alfonso de Fonseca II non está disposto a tolerar un castelo hostil ás portas de Santiago.

O 13 de xuño do 1471 enfróntanse algo máis de 10 000 homes aos pés das Torres, dous exércitos que suman 700 escudeiros a cabalo xunto cos seus paxes e unha multitude de homes a pé. Por máis que os señores galegos, empobrecidos tras o asalto irmandiño, preferisen a loita de guerrillas antes que esta guerra tradicional y precisamente por iso a [batalla de Altamira](#) é extraordinaria. Nela os grandes cabaleiros de Galicia plantan cara a Fonseca II, xa non é só un enfrontamento dos Moscoso contra o Arcebispo, é o conxunto da nobreza da Terra de Santiago contra o prelado nunha liga señorial. Os asedios fonsecanos son os causantes da posta en marcha dunha alianza señorial que será capaz de desmantelar o seu exército.

Para o Arcebispo a derrota conleva o recoñecemento implícito do poder dos cabaleiros. Terá que facerlles sitio no seu territorio, compartindo xurisdicións e rendas en equilibrio. Para os señores, a vitoria consolida bens e dereitos acumulados desde finais do século XIV, facendo visible o seu status e preparando o seu asalto ao poder na corte.

Por tanto, a arquitectura de Altamira superará con fartura o metarrelato da destrución irmandiña, para alcanzar o esplendor durante dous séculos, cos primeiros condes, ata que finalmente sobrevén o declive e desvanécese definitivamente. Lope Sánchez de Moscoso, o I conde de Altamira, ao iniciar a reconstrución da fortaleza desata a ira do Arcebispo e unha batalla memorable. Con todo Julio Vázquez Castro considera que a época dourada prodúcese co seu sucesor, Rodrigo Osorio de Moscoso, II conde. Decide abandonar Compostela e promove que a fortificación adquira un aspecto máis imponente. Acondiciónaa como un palacio, debido a que instala alí a casa principal da liñaxe, do mesmo xeito que o seu fillo Lope Osorio de Moscoso, III conde, que realiza unha segunda remodelación do palacio, duplicando a súa capacidade, no ano 1540. Desá época é a colosal balconada orientada cara o leste, unha solaina mirando en dirección a Compostela.

A estrutura do palacio non se pode relacionar coa típica reforma de torres e fortalezas que se converten en pazos, no tránsito á modernidade, segundo Galván. A súa sobriedade indica unha transición con fortes inercias medievais aínda, motivada polo clima de inestabilidade e pola necesidade de defensa do señorío. O castelo debe ser o solar dun morgado poderoso, ademais de protexer a casa, proxecta o seu poder e prestixio. Desde Altamira góbernase media Galicia.

O ciclo histórico da Fortaleza de Altamira toca ao seu fin apenas dous séculos despois. O seu papel como símbolo da casa condal mingua progresivamente cando os condes trasladan a súa residencia. A importancia nobiliaria da casa de Altamira, unha vez que abandona Galicia e trasládase á corte, é enorme. Pero a cambio a ruína aprópiase do lugar deshabitado. Cen anos despois dunha pausada deterioración, desmoronanse dúas torres e perde a súa cuberta o palacio. No século XVIII, xa inhabitable, comeza o espolio dos seus perpiaños para abastecer a toda a contorna. Pedra a pedra, perde a súa entidade monumental e o nome de fortaleza, polo de Torres de Altamira. No ano 1874 véndese como mera canteira ao arcebispo Payá (máis coñecido por apropiarse do proxecto de manicomio das deputacións galegas), e é así como finalmente a Mitra borra da Terra de Santiago a Fortaleza de Altamira.

Os saqueos de pedra non se deterán ata o ano 1949. Entón a fortaleza pasa ter unha salvagarda equiparable á dun monumento polo decreto de protección de castelos. Ao pouco tempo, as deputacións asumen novas funcións en conservación de monumentos, que Sánchez García asocia co crecemento do patrimonio monumental provincial. É por iso que desde presidencia instase a Manuel Chamoso Lamas para que xustifique o [interese histórico-artístico](#). A continuación, en [sesión plenaria 11.06.1971](#) apróbase a proposta de crear alí un [miradoiro turístico](#). As xestións contan co apoio do [párroco de Brión](#). Finalmente, na [acta de 24.04.1973](#) apróbase a adquisición ao arcebispado das Torres de Altamira xunto co Castelo de Vimianzo. Ao contrario que no Castelo, nas Torres non hai intención de rehabilitación, limitándose ao proxecto dun miradoiro nunca construído e [obras de limpeza e consolidación](#). Na [escritura](#) protocolizada o día 18.06.73, o prezo da Leira de La Torre ascende a 150 000 pesetas. Nunca se debeu tanto a tan pouco (ver [Planos de Cebrián del Moral](#)).

Bibliografía empregada.

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro. Búsqueda documental: Begoña Rodríguez. Documentos: 2245, C 10-4/145, PA-618-619-620. Actas: 11.06.1971, 24.04.1973. Patrimonio Provincial.

“Castillos, palacios, catedrales, fortalezas, todos hablan en sus distintas formas de la grandeza y la fuerza de las personas que los construyeron, en contra de aquellos para los que fueron contruidos”.

Henri Lefebvre. *Crítica de la vida cotidiana*.

Lo que queda de Altamira



ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

Documento del mes
Abril
2024

TORRE DE ALTAMIRA. BRUN.

1000

Lo que queda de la arrogante Fortaleza de Altamira, en la antigua Tierra de Santiago, es una arquitectura derrumbada más que evocadora. Se adapta a su enclave complejo, sobre un abrupto promontorio rocoso en San Fins de Brión. Conforman un mirador espléndido hacia el Valle de A Maía. A pesar de las románticas leyendas sobre su antigüedad, Julio Vázquez Castro la considera una edificación del siglo XV y Galván coincide en valorarla como un sistema de transición con fuertes inercias medievales.

La construcción de Altamira da materialidad y visibilidad al poder ejercido por los Moscoso, como el más importante de Galicia. Pretende ser la cabeza de un espacio señorial ajeno al mando eclesiástico, una intromisión nobiliaria, una amenaza directa en un territorio dominado por los arzobispos. Cumple a la perfección con los requisitos de defensa y visibilidad, levantándose estratégicamente a la vanguardia del resto de las fortificaciones de los Moscoso de Altamira. Está bien comunicada, en el camino de Noia, gozando de unas privilegiadas vistas hacia Santiago.

En Galicia hasta el siglo XIV, señorean los grandes nobles y los arzobispos de Santiago. Martínez Barbeito apunta que dentro del condado de Trastámara se asienta el linaje de los Moscoso, que hacen de Altamira en Brión, la cabeza de sus estados y la denominación elegida para un futuro condado. También poseen las fortalezas de Mens, Vimianzo y Cira. Erigen la de Altamira para resistir a las tropas de su eterno enemigo, el Arzobispo de Santiago, aunque paradójicamente ellos son el brazo armado de la sede apostólica.

Es una relación tormentosa en un contexto de inestabilidad y tensiones propio de la transición del Medievo a la modernidad, aprovechado por unos y otros para afianzar su poder en la Tierra de Santiago. Los primeros Moscoso van heredando enfrentamientos con la Iglesia compostelana y buena relación con el conde de Trastámara, hasta que a mediados del siglo XV invierten las alianzas y apoyan al Arzobispo. Así obtienen cargos y, lo que es más importante, para Vázquez Castro, permisos vitales para la perduración de la fortaleza. Aunque, poco dura la sintonía. Tras apoyar a Alfonso I de Fonseca, Bernal Eáns de Moscoso hace prisionero en sus fortalezas a su sucesor, el arzobispo Fonseca II, en 1465. Poco subsiste de todo cuanto acaban de edificar, pues sufre el embate irmandiño en 1467.

Con que, siguiendo las dinámicas del conflicto entre Moscosos y FONSECAS, apenas paralizado por la catarsis irmandiña, Vázquez Bertomeu y Rodríguez Suarez ven en la refortificación de Altamira la chispa capaz de provocar una batalla, la última de nuestras guerras medievales. El derecho a conservar las Torres y ejercer el poder en el territorio de A Maía es el causante, ya que desde el siglo XII no se pueden construir castillos señoriales próximos a Santiago sin permiso del arzobispo. De modo que la fortificación encarna valores simbólicos inherentes al poder de su dueño y el arzobispo Alfonso de Fonseca II no está dispuesto a tolerar un castillo hostil a las puertas de Santiago.

El 13 de junio de 1471 se enfrentan algo más de 10 000 hombres a los pies de las Torres, dos ejércitos que suman 700 escuderos a caballo junto con sus pajes y una multitud de hombres a pie. Por más que los señores gallegos, empobrecidos tras el asalto irmandiño, prefiriesen la lucha de guerrillas antes que esta guerra tradicional y precisamente por eso la [batalla de Altamira](#) es extraordinaria. En ella los grandes caballeros de Galicia plantan cara a Fonseca II, ya no es solo un enfrentamiento de los Moscoso contra el Arzobispo, es el conjunto de la nobleza de la Tierra de Santiago contra el prelado en una liga señorial. Los asedios fonsecanos son los desencadenantes de la puesta en marcha de una alianza señorial que será capaz de desmantelar su ejército.

Para el Arzobispo la derrota conlleva el reconocimiento implícito del poder de los caballeros. Tendrá que hacerles sitio en su territorio, compartiendo jurisdicciones y rentas en equilibrio. Para los señores, la victoria consolida bienes y derechos acumulados desde finales del siglo XIV, haciendo visible su estatus y preparando su asalto al poder en la corte.

Por tanto, la arquitectura de Altamira superará con creces el metarrelato de la destrucción irmandiña, para alcanzar el esplendor durante dos siglos, con los primeros condes, hasta que finalmente sobreviene el declive y se desvanece definitivamente. Lope Sánchez de Moscoso, el I conde de Altamira, al iniciar la reconstrucción de la fortaleza desata la ira del Arzobispo y una batalla memorable. Sin embargo Julio Vázquez Castro considera que la época dorada se produce con su sucesor, Rodrigo Osorio de Moscoso, II conde. Decide abandonar Compostela y promueve que la fortificación adquiera un aspecto más imponente. La acondiciona como un palacio, puesto que instala allí la casa principal del linaje, al igual que su hijo Lope Osorio de Moscoso, III conde, que realiza una segunda remodelación, duplicando su capacidad, en 1540. De esa época es la colosal balconada orientada hacia el leste, una solana mirando en dirección a Compostela.

La estructura del palacio no se puede relacionar con la típica reforma de torres y fortalezas que se convierten en pazos, en el tránsito a la modernidad, según Galván. Su sobriedad indica una transición con fuertes inercias medievales aún, motivada por el clima de inestabilidad y por la necesidad de defensa del señorío. El castillo debe ser el solar de un mayorazgo poderoso, además de proteger la casa, proyecta su poder y prestigio. Desde Altamira se gobierna media Galicia.

El ciclo histórico de la Fortaleza de Altamira toca a su fin apenas dos siglos después. Su papel como símbolo de la casa condal mengua progresivamente cuando los condes trasladan su residencia. La importancia nobiliaria de la casa de Altamira, una vez que abandona Galicia y se traslada a la corte, es enorme. Pero a cambio la ruina se adueña del lugar deshabitado. Cien años después de un pausado deterioro, se desmoronan dos torres y pierde su cubierta el palacio. En el siglo XVIII, ya inhabitable, comienza el expolio de sus sillares para abastecer a todo el entorno. Piedra a piedra, pierde su entidad monumental y el nombre de fortaleza, por el de Torres de Altamira. En 1874 se vende, como mera cantera al arzobispo Payá (más conocido por apropiarse del proyecto de manicomio de las diputaciones gallegas). Y es así como finalmente la Mitra borra de la Tierra de Santiago la Fortaleza de Altamira.

Los saqueos de piedra no se detendrán hasta 1949. Entonces la fortaleza pasa tener una salvaguarda equiparable a la de un monumento por el decreto de protección de castillos. Al poco tiempo, las diputaciones asumen nuevas funciones en conservación de monumentos, que Sánchez García asocia con el crecimiento del patrimonio monumental provincial. Es por eso que desde presidencia se insta a Manuel Chamoso Lamas para que justifique su [interés histórico-artístico](#). A continuación, en [sesión plenaria 11.06.1971](#) se aprueba la propuesta de crear allí un [mirador turístico](#). Las gestiones cuentan con el apoyo del [párroco de Brión](#). Finalmente, en el [acta de 24.04.1973](#) se aprueba la adquisición al arzobispado de las Torres de Altamira junto con el Castillo de Vimianzo. Al contrario que en el Castillo, en las Torres no hay intención de rehabilitación, limitándose al proyecto de un mirador nunca construido y a [obras de limpieza y consolidación](#). En la [escritura](#) protocolizada el día 18.06.73, el precio de la Finca de La Torre asciende a 150 000 pesetas. Nunca se debió tanto a tan poco (ver [Planos de Cebrián del Moral](#)).

Bibliografía empleada.

Textos y dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición y maquetación: Yolanda Carro. Búsqueda documental: Begoña Rodríguez. Documentos: 2245, C 10-4/145, PA-618-619-620. Actas: 11.06.1971, 24.04.1973. Patrimonio Provincial.